

CORRECCIÓN DE ERROS DA R.R. DE 13 DE DECEMBRO DE 2021, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO CON EEUU PARA O CURSO ACADÉMICO 2022-2023, DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A REDE ISEP (*International Student Exchange Program*)

A Universidade de Vigo, a través da Oficina de Relacións Internacionais (en diante ORI), participa nun programa de intercambio cos Estados Unidos a través de ISEP (*International Student Exchange Program*, EEUU), dentro do acordo existente entre ambas as dúas institucións. ISEP é unha rede de universidades de todo o mundo que ten por obxectivo facilitar a mobilidade de estudantes.

No caso da Universidade de Vigo, os intercambios efectúanse en réxime de reciprocidade coas distintas universidades estadounidenses que forman a rede ISEP.

En virtude deste convenio de participación en ISEP e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007 de 12 de abril de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar 10 prazas en réxime de concorrencia competitiva para cursar estudos dun curso completo nalguna das universidades estadounidenses que participan no ISEP (listaxe de Universidades participantes dispoñible en <http://www.isepstudyabroad.org/member-universities>) (U.S. Universities)
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas) (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da Universidade de Vigo.
3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido aos prazos establecidos polo ISEP

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO 2022-2023 DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E ISEP (*International Student Exchange Program*)

1. OBXECTO

Estas axudas teñen por obxecto ofrecer ao alumnado da Universidade de Vigo a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades estadounidenses que participan no ISEP (listaxe de Universidades participantes dispoñible en <http://www.isepstudyabroad.org/member-universities>) (U.S. Universities) durante todo o ano (de agosto a maio/xuño) no curso académico 2022-2023.

Cada estudante terá aloxamento e manutención cubertos durante a súa estadia na universidade estadounidense ou, no seu defecto, un subsidio supletorio. Non aboará taxas de matrícula na universidade receptora pero si deberá estar matriculada/o e pagar as taxas de matrícula na Universidade de Vigo no curso 2022-2023.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Requisitos académicos:

- a. Estar matriculados en estudos de grao (*undergraduate*) no curso académico 2021-2022 nos cursos 2º, 3º ou 4º das titulacións oficiais de grao que se ofertan nos centros propios da Universidade de Vigo e nos centros adscritos agás o estudantado de Fisioterapia e Enfermaría por corresponder a estudos de posgrao en Estados Unidos. O alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial poderá realizar no marco do programa ISEP só estudos relativos ao seu último curso de titulación

b) Requisitos lingüísticos:

- a. Estar obrigatoriamente en posesión e con vixencia do *Test of English as a Foreign Language* (TOEFL iBT). Ningunha outra acreditación lingüística de inglés será admitida. Admitiranse igualmente a trámite aquelas solicitudes que acheguen copia da matrícula no TOEFL en probas convocadas ata o **10 de xaneiro de 2022**. De non haber prazas para a realización da proba de forma presencial, o estudantado poderá realizar a matrícula no TOEFL iBT *Home Edition*

c) Non ter renunciado, sen motivo xustificado, a unha praza aceptada na convocatoria ISEP do curso anterior.

d) Non ter gozado dunha bolsa ISEP con anterioridade.

3. DOTACIÓN ECONÓMICA

3.1 Taxas que deberá aboar o estudantado seleccionado:



O programa ISEP finánciase a través do sistema de reciprocidade institucional. O alumnado da Universidade de Vigo ten as taxas de matrícula, aloxamento e manutención gratuítos durante a súa estadía na universidade estadounidense.

Terá que aboar á Universidade de Vigo as seguintes taxas:

- a) Trala correspondente selección, a/o estudante aboará á Universidade de Vigo a cantidade de 4.500 euros.
- b) Taxas de tramitación e asignación de destino: O estudantado, unha vez seleccionado pola Universidade de Vigo, aboará directamente a ISEP a taxa de tramitación de ISEP (*ISEP Exchange Application Fee*), a cal non será devolta en ningunha circunstancia, incluso no caso de que, por mor da cualificación do TOEFL da/o solicitante, ISEP non poida proporcionar asignación en ningunha institución do programa. Esta taxa, segundo a información que ofrece ISEP en <https://www.isepestudyabroad.org/planning/finances/budget-calculator>, é de 100 dólares USA para o curso 2022-2023.
- c) No momento de ter asignada unha institución en EEUU e logo de ter aceptado o destino, o estudantado deberá aboar directamente a ISEP a taxa de asignación (*ISEP Exchange Placement Fee*, que non será devolta en ningún caso). Esta taxa para o curso 2022-2023 é de 395 dólares USA.

3.2 Pagamento alumnado internacional:

Coa contía percibida do estudantado da Universidade de Vigo que participe no intercambio, a Oficina de Relacións Internacionais satisfará unha parte da estadía do alumnado internacional que se recibe na Universidade de Vigo no marco do programa ISEP. A Oficina de Relacións Internacionais aboará os gastos de aloxamento e manutención das/os estudantes estadounidenses recibidas/os.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os/as interesados deberán cubrir dous formularios:

a) Formulario plataforma Moveon:

1. Cubrir o formulario de participación en liña en <https://uvigo.moveon4.de/locallogin/614861f39c62011579567965/spa.NO> que a hora de rexistrarse no campo Correo electrónico, **farase co correo de dominio @alumnos.uvigo.es para poder posteriormente iniciar sesión.**
2. Descargar o formulario unha vez cuberto e asinalo electronicamente.
3. Presentar o formulario de participación en liña e o Certificado TOEFL ou impreso da matrícula para a súa realización, a través da sede electrónica da Uvigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria ISEP 2022-2023.**

En caso de precisar apoio de tipo técnico durante o proceso de presentación dos formularios poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Para presentar a solicitude a través da sede electrónica pódense usar os seguintes sistemas de autenticación:

- Certificado dixital ou DNI electrónico
- Chave PIN
- Chave Permanente



Non obstante, os documentos esixidos na convocatoria deben asinarse con sinatura dixital, polo que o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/GL_manual_cidadania_FNMT.pdf

A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **20 de decembro de 2021** (ás 23: 59 hora peninsular española).

b) Formulario específico ISEP:

O/a solicitante deberá cubrir tamén a aplicación en liña de ISEP, **empregando o correo de dominio @alumnos.uvigo.es para acceder** e engadir no portal de ISEP toda a documentación que esta require. A ligazón directa á aplicación en liña de ISEP é: <https://www.isepstudyabroad.org/guides-and-tips/get-started/apply>, CREATE AN ACCOUNT & APPLICATION.

Unha vez creada a conta, iniciar sesión e ir a HOW TO APPLY donde seguiremos as instrucións que temos que seguir para cubrir o formulario en liña de ISEP. A solicitude en liña de ISEP **deberá estar cuberta completamente antes do remate do prazo indicado no punto anterior.**

A selección das universidades norteamericanas e os estudos que cursará o estudantado é responsabilidade única da persoa solicitante. O acceso á listaxe destas institucións e ás ligazóns correspondentes deberá facerse dende a páxina web de ISEP na sección: *Find a program*: <https://search.isepstudyabroad.org/FindAProgram/Map>. É preciso indicar nesa ligazón web de ISEP que a universidade de orixe é a Universidade de Vigo para ver toda a oferta de universidades de Estados Unidos participantes en ISEP e os seus programas de estudo, así como poder facer unha busca concreta de institucións norteamericanas segundo criterios académicos (grao ou mestrado, así como por áreas de estudo).

5. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación do formulario de presentación en liña, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Unha vez revisadas as alegacións e publicada a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, procederase á selección que será efectuada pola Comisión de selección por orde de expediente segundo os seguintes criterios

Nota media do expediente académico ponderada pola media da titulación



Establécese a seguinte prioridade:

- 1º. O alumnado matriculado en titulacións oficiais de grao dos centros propios da Universidade de Vigo
- 2º. O alumnado que estea cursando materias implantadas en inglés na Universidade de Vigo no marco do plan de internacionalización lingüística nos casos de igualdade de puntuación.

A Comisión de selección está composta por:

Presidente: Amelia Rodríguez Piña, coordinadora ISEP na Universidade de Vigo.
Secretaria: María Teresa Arce Aramendi, Xefa de Área da ORI.
Vogal: Rebeca Cofán Pereiras, Xefa de Negociado da ORI.

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Revisadas as alegacións pola Comisión e efectuada a selección definitiva, a ORI elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en lista de agarda, se procede, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> e no portal de bolsas da web da universidade e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

6. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a praza na plataforma ISEP unha vez que teñan confirmado o destino respectando os prazos indicados por ISEP. **De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á praza.**

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

7. INFORMACIÓN ADICIONAL

Pódense consultar os vídeos sobre programa ISEP na seguinte ligazón:

<https://tv.uvigo.es/searchmultimediaobjects?search=isep&tags%5B%5D=&duration=&type=&language=&year=2018>



8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- a. Facilitar como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio alumnos.uvigo.es para os efectos de comunicación. A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico, identificándose con nome e apelidos e o programa de intercambio no que participa.
- b. Aboar as taxas que se establecen no punto 3.1 desta convocatoria nos prazos que se establezan ou ben por ISEP ou ben pola Universidade de Vigo.
- c. Realizar os trámites de matrícula correspondentes na Universidade de Vigo durante o curso 2022-2023, estando exentos do pagamento de taxas na universidade de destino.
- d. As persoas seleccionadas deberán entregar na ORI a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estadía:
 1. Ao inicio da estadía:
-Certificación de chegada conforme o modelo que lle será entregado na ORI
 2. Unha vez finalizada a estadía:
-Certificado de realización da estadía orixinal. Para ser válido, este certificado deberá ser asinado pola persoa que coordine ISEP na universidade de acollida e incluíra o selo oficial da devandita institución. O estudantado deberá enviar o documento orixinal á ORI ao finalizar a estadía a través dalgún dos rexistros da Universidade de Vigo, sen alteracións nin riscaduras. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
-Cumprimentar e enviar a enquisa de avaliación da estadía.
- e. As persoas seleccionadas deberán elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización a través de Xescampus. Este contrato deberá elaborarse antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2022-2023. No caso de modificacións do contrato, estas deberán facerse no primeiro mes de cada cuatrimestre na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2022-2023, estas deberán ser notificadas polo alumnado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo/a coordinador/a.
- f. Tras a aceptación do destino, o estudantado seleccionado deberá subscribir en liña o seguro médico obrigatorio do ISEP. O custo deste seguro, segundo a información facilitada por ISEP na súa web, é de **95\$** USA ao mes no curso académico 2021-2022, contía que pode variar para o curso 2022-2023.
- g. Tramitar o seu visado coa Embaixada dos Estados Unidos de América en Madrid e asegurarse das condicións deste, sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

